O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir ás seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL
- HORDESCON, S.L.
- MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.
- ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA
- NAROM SL

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

**12. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra**





**"Mellora da seguridade viaria na E.P. 9801 Ponte-A Laxes (Concello de A Illa de Arousa)". (Expte.- 2023000985).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra *"Mellora da seguridade viaria na E.P. 9801 Ponte-A Laxes (Concello de A Illa de Arousa)"*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de marzo de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir ás seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



**13. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes ós criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza". (Expte.- 2022049711).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 3 de marzo de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de marzo de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.

O Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, con data 10 de abril de 2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAIS	TOTAL SOBRE A
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	22,00	3,00	25,00
NAROM S.L.	20,00	2,00	22,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00	2,00	18,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.	14,00	2,00	16,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, de data 10 de abril de 2023, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas



admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza".

**14. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza". (Expte.- 2022049711).**

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza".

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	25,00
NAROM S.L.	22,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	18,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.	16,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliáveis mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	264.390,70 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	313.458,82 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	332.548,97 €	3%	36 MESES	SI	SI



NAROM, S.L.	337.338,49 €	3%	36 MESES	SI	SI
-------------	--------------	----	----------	----	----

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

**15. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes ós criterios avaliados mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)". (Expte.- 2022074028).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 3 de marzo de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de marzo de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.



O Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, con data 10 de abril de 2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS	TOTAL SOBRE A
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES S.L.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L.	22,00	2,00	24,00
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.	20,00	2,00	22,00
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	20,00	2,00	22,00
NAROM S.L.	20,00	2,00	22,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00	2,00	18,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.	16,00	2,00	18,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, de data 10 de abril de 2023, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)".

**16. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)". (Expte.-2022074028).**

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)".

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES S.L.	25,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L.	24,00
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.	22,00
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y	22,00



CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	
NAROM S.L.	22,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	18,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.	18,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	407.933,76 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	383.009,09 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	392.646,62 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	385.916,97 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	394.931,39 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	414.663,41 €	3%	36 MESES	SI	SI
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	395.679,13 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.



A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

**17. Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de restauración e limpeza de cociña e comedor para o programa Depoaventura A Lanzada 2023. (Expte.- 2023020014).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 24 de marzo de 2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do *Servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor para o programa Depoaventura A Lanzada 2023*.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 27 de marzo, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo. Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación do sobre “A”, correspondente á documentación administrativa, presentada polas empresas que participan no devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

- Osventos Innovación en Servizos S.L. (CIF: B70493275)
- Jardanay SL (CIF B-15.754.682)
- Serunión SA (CIF A-59.376.574)

Non admitidas: Ningunha.



**18. Apertura electrónica do sobre B, correspondente a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de restauración e limpeza de cociña e comedor para o programa Depoaventura A Lanzada 2023. (Expte.- 2023020014).**

O Secretario informa que a Mesa de Contratación, na reunión do día 14 de abril do 2023, procedeu á apertura do sobre “A”, correspondente a documentación administrativa, acordando a admisión das seguintes empresas:

- Osventos Innovación en Servizos S.L. (CIF: B70493275)
- Jardanay SL (CIF B-15.754.682)
- Serunión SA (CIF A-59.376.574)

A continuación, o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desenscriptación e descarga da documentación do sobre “B”, correspondente á documentación técnica presentada pola empresa admitida neste procedemento.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a referida documentación ao persoal técnico do Servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación de Pontevedra, para que emita informe de avaliación de conformidade cos criterios de adxudicación non automáticos establecidos nos pregos reguladores.

**19. Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración e instalación dun sistema de alimentación ininterrumpida (SAI) para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022076032 ).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Economía, Facenda de Réxime Interior número RP núm 2023002433 de data 24 de marzo de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do "Subministro, e instalación dun sistema de alimentación ininterrumpida SAI, para a Estación Fitopatolóxica de Areeiro".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 24 de marzo de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.





O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

GESTSAI INGENIERIA (B-86128253)

ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L. (B-15123177)

2. Trasladar a documentación técnica descargada do sobre “A” que presentou a empresa admitida ó Servizo de Novas Tecnoloxías, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

***20. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B” correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos expedientes FEDER-EELL-005815 e FEDER-EELL-005816 financiados nun 80 % polo FEDER a traves do POCS 2014-2020 (Expte. 2023008926).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 10/03/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración e execución das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos expedientes FEDER-EELL-005815 e FEDER-EELL-005816 financiados nun 80 % polo



FEDER a través do POCS 2014-2020. O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE para a súa publicación con data 10/03/2023 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14/03/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 02/02/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa, e a continuación a apertura do sobre B que contén a documentación técnica.

Unha vez descargada a documentación administrativa, revisouse a mesma, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

Empresas	Lotes aos que presenta oferta
Electricidad INMAC Condado SL	1 e 2
Instalacións eléctricas Terca SLU	2
Elsamex Gestión de infraestructuras SLU	1 e 2
Formatesa Lalín SL	1 e 2

Así mesmo acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B”, correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, que presentaron as empresas admitidas, aos técnicos do Servizo de Cooperación ao obxecto de que, avalíe e pondere as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Con data 12/04/2023 o Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación Eugenio J. Marcote Carballo emitiu informe de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor con CSV (PKBR0Y48WRK3QEED) informando o seguinte:

*“FORMATESA LALÍN, S.L. e INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS TERCA, S.L.U., para todos os lotes aos que optan, inciden no mesmo defecto: ofertan armarios con envolvente de Poliéster Reforzado con Fibra de Vidro (PRFV) IP 55, IK 10, en lugar de aceiro inoxidable (AISI-304, 2 mm de espesor, pintados exteriormente), IP 66, IK 10, como require o Prego de Prescricións Técnicas Particulares.*

*Este incumprimento supón ademais un importante aforro de custos para aqueles que ofertan envolventes de PRFV en lugar das prescritas. Así pois, debido ao incumprimento das especificacións do PPTP e á vantaxe económica inxusta que iso supón, estímase que iso é causa suficiente para a exclusión desas dúas ofertas.*

*Débese poñer de manifesto que as características que se esixen para os armarios eléctricos non supoñen un menoscabo do principio de libre competencia. A maioría dos*



*provedores existentes no mercado poden fornecer ás empresas instaladoras o mesmo tamaño de cadro en diferentes materiais e con diferentes prestacións . Os materiais e características que se esixen neste caso son habituais no mercado.”*

As puntuacións obtidas polas restantes empresas para cada un dos lotes son as seguintes:

#### Lote 1

Criterios	Elsamex SL	Electricidad Inmac Condado SL
Calidade das luminarias e da iluminación (max 16 ptos)	16	16,00
Nivel de coñecemento das obras e calidade da planificación (Max 12 ptos)	3,50	12,00
Calidade da aparamenta eléctrica, dos cadros eléctricos e das canalizacións (Máx 7 ptos)	0,00	7,00
Total puntuación criterios xuízos de valor	19,50	35,00

#### Lote 2:

Criterios	Elsamex SL	Electricidad Inmac Condado SL
Calidade das luminarias e da iluminación (max 16 ptos)	16	16,00
Nivel de coñecemento das obras e calidade da planificación (Max 12 ptos)	3,50	12,00
Calidade da aparamenta eléctrica, dos cadros eléctricos e das canalizacións (Máx 7 ptos)	0,00	7,00
Total puntuación criterios xuízos de valor	19,50	35,00

A Mesa de Contratación acorda prestar conformidade ao citado informe de valoración técnica e en base ao mesmo acorda:

1.- A exclusión das ofertas presentadas polas empresas *“FORMATESA LALÍN, S.L aos lotes 1 e 2. e INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS TERCA, S.L.U ao lote nº 2, por incumprir o prego de prescricións técnicas de conformidade co informe emitido polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación Eugenio J. Marcote Carballo que indica o seguinte “... debido ao incumprimento das especificacións do PPTP e á vantaxe económica inxusta que iso supón, estímase que iso é causa suficiente para a exclusión desas dúas ofertas.”*



2.- Prestar conformidade as puntuacións acadadas polas restantes empresas que non foron excluídas, sendo as puntuacións totais as seguintes:

Lote 1

Criterios	Elsamex SL	Electricidad Inmac Condado SL
Total puntuación criterios mediante xuízos de valor (sobre B)	19,50	35,00

Lote 2:

Criterios	Elsamex SL	Electricidad Inmac Condado SL
Total puntuación criterios mediante xuízos de valor (sobre B)	19,50	35,00

**21. Apertura electrónica dos sobres “C” correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos expedientes FEDER-EELL-005815 e FEDER-EELL-005816 financiados nun 80 % polo FEDER a traves do POCS 2014-2020 (Expte. 2023008926).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa aos asistentes que unha vez aprobada a valoración da documentación contida no sobre B correspondente aos xuízos de valor en base ao informe elaborados polo xefe dos servizos técnicos de Cooperación cos municipios, procede a continuación a apertura dos sobres C da documentación correspondente aos criterios avaliables mediante fórmulas das ofertas das empresas admitidas que non resultaron excluídas e que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas (17,50 puntos).

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “C” da documentación correspondente aos criterios avaliables mediante fórmulas das ofertas das empresas admitidas que non



resultaron excluídas e que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (17,50 puntos).

Os valores ofertados polas empresas admitidas foron os seguintes:

Lote 1:

Empresas	Prezo ofertado (sen iva)	Melloras	Ampliación prazo garantía
Elsamex Geston de Infraestructuras SL	527.657,25 €	Opción B	60 meses
Electricidad Inmac Condado S	544.364,18 €	Opción B	60 meses

Lote 2:

Empresas	Prezo ofertado (sen iva)	Melloras	Ampliación prazo garantía
Elsamex Geston de Infraestructuras SL	231.287,23 €	Opción B	60 meses
Electricidad Inmac Condado S	252.133,75 €	Opción B	60 meses

**22. Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa do concurso público convocado para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de 19 parcelas resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda - Curro (SRAU -I Outeda - Curro) no concello de Barro. (Expte.- 2023007554).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra adoptado na sesión ordinaria que tivo lugar o día 24 de febreiro de 2023, aprobouse o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de varias de varias parcelas (19) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda-Curro (SRAU-I, Outeda-Curro), no concello de Barro.

O anuncio de licitación deste concurso público publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 42 de data 1 de marzo de 2023 e tamén se publicou no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 1 de marzo de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e os anexos deste concurso público.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.



A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas comprobouse que na plataforma de licitación electrónica Vortal non figura presentada ningunha oferta para o concurso público convocado para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (19) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda-Curro (SRAU-I, Outeda-Curro), no concello de Barro.

A Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación, neste caso o Pleno, declarar deserto o concurso público convocado para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (19) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda-Curro (SRAU-I, Outeda-Curro), no concello de Barro, debido a que, unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, non se presentou ningunha proposición de empresas interesadas na adxudicación das parcelas obxecto de alleamento deste concurso público.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

